



Manolito Rastamán...2015

**CAMIÑANDO CARA Á  
FOLGA XERAL**

**Confederación Xeral do Trabalho**

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)



1º DE MAIO  
UNINDO LOITAS  
CAMIÑANDO CARA Á FOLGA XERAL

Este 1 de Maio, a clase traballadora, a que representa á maioría da poboación, **as persoas que estamos a sufrir a violencia desta estafa social** de xigantes proporcións, volvemos saír á rúa para manifestar a nosa indignación, a nosa protesta colectiva e, tamén, **a nosa determinación e vontade de dar un xiro ao modelo de sociedade** en que os poderes financeiros e os diversos gobernos nos teñen atrapados e atrapadas.

**Universalizaron a miseria** a escravitude a falta de liberdades a falta de perspectivas para o futuro de varias xeracións de mozos, de emigrantes, de mulleres, de anciáns, de persoas sen emprego nin prestacións, de persoas traballadoras semiescravas **nos quitárono todo**: os empregos con dereitos, os servizos públicos, a sanidade, o ensino, os transportes públicos, as comunicacións, as enerxías (a auga e a electricidade), as vivendas, o acceso á universidade, á cultura, á xustiza burguesa, os coidados ás persoas dependentes (anciás, enfermas e nenos). **Quitáronnos o dereito a decidir e a protestar**, a manifestarnos, a expresarnos individual e colectivamente. **Arrebatáronnos o dereito a ser persoas libres que poidan vivir con dignidade.**

**A corrupción máis descarnada** campa ás súas anchas e **estendeuse a todas as institucións**, políticas, empresariais, xudiciais, policiais e é moi penoso que **alcance tamén os sindicatos do réxime** (ERE de Andalucía, tarxetas opacas de Bankia, sobornos a cargos sindicais, etc.).

Por se isto fose pouco, **intentan poñer unha mordaza á sociedade para que non proteste**, para que se conforme, **impoñendo o terror e o medo a base de represión policial, de represión económica, de encarcerar persoas inocentes** simplemente por participar nas protestas pacíficas. Están a atarnos de pés e mans como nos tempos máis duros do franquismo, sen escrúpulos e sen formulación moral ningunha.

Non o podemos consentir. **Debemos seguir mantendo a mobilización na rúa, con procesos electorais e sen eles, unificando loitas, practicando a solidariedade e o apoio mutuo**, demostrando que non temos medo, que nos sobra dignidade para loitar como clase, que non imos deixar que nos rouben o futuro, tampouco o dos nosos fillos e fillas.

Temos que obrígalos a derrogar todas as leis liberticidas que nos impuxeron, as Reformas Laborais, as leis Mordaza, rematar coa negociación do TTIP, negarnos a que se pague a DÉBEDA co diñeiro público porque é ilexítima e inxusta, recuperar os servizos públicos roubados, rematar coa crueldade dos desafiuzamentos, conseguir a RENDA BÁSICA para todas e todos, **repartir a riqueza e o traballo** en definitiva. É a obriga que nos toca á nosa xeración, **e o contrario sería un DESASTRE para as xeracións vindeiras.**

**A LOITA É O ÚNICO CAMIÑO**  
**1º DE MAIO. VIVA A CLASE OBREIRA!**